

Poemas

IRIA F. SILVA

«Beijo na boca a todas as prostitutas»

«Beijo na boca a todas as prostitutas»
Mañá mortas
Mortas parecen inválidas *mojamas*
Humidas e poeirentas
¡Miñas vellas prostitutas amadas!
Ávidos amores repartidos
Opacas miradas rematadas
Sexo –sen amor– adscrito nos
Fogares puros dos homes no leito
Rápido, veloz escóndese
 o Pranto
O aroma a suor e mortalla
 Óllaas...
 Mañá
 Mortas
Novas Magdalenas Violadas.

Minguados de esperanza

Non pretendo ser por iso
a magoenta espera do vagabundo
Lembro –aínda cando agora NON son nada–
que o meu bocexo era amplo,
puro, a penas transparente.
Hoxe vivimos minguados de esperanza,
fréannos as nosas desidias;
hoxe amor e gozo fustíganse
ata afogarse dignamente;
hoxe a espera do silencio
faí que as mágoas se convirtan
 en redentoras agonías.
O clamor do combate apágase...
Os homes, por igual: PECADORES
Coa boca bico a todas as prostitutas
 –non é nada mao–,
lamento non ser a mellor de todas elas.
Xa non sabemos ser humanos.
Sempre é Outono na Primavera.
Nesta guerra,
 ninguén sae victorioso...
Baixa o pano da miña vida.